



## **CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA, POR MEDIO DA CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA SUFRAGAR OS GASTOS DERIVADOS DA SÚA CONDICIÓ DE CAPITAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

A Consellería de Facenda e Administración Pública, no exercicio das competencias en materia de facenda que se atribúen á Comunidade autónoma galega, formalizou co Concello de Santiago de Compostela o convenio de colaboración arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

O instrumento convencional ten por obxecto outorgarlle ao Concello de Santiago de Compostela unha subvención de concesión directa segundo o disposto no artigo 19.4.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Esta subvención está prevista nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 e o seu importe destinarase a sufragar os gastos derivados do estatuto especial da cidade de Santiago de Compostela como sede das institucións autonómicas e polo seu recoñecemento como capital da Comunidade Autónoma de Galicia.

Neste sentido existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución de tal obxecto, os cales exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e o 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular a colaboración de referencia, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data da súa sinatura dixital

O secretario xeral técnico e do Tesouro

David Cabañó Fernández

